

8 DE MARZO
DÍA INTERNACIONAL
DAS MULLERES

A CORUÑA — 2019

MUJERES
QUE TRANS-
FORMAN NUESTRAS
REALIDADES



CORUÑA
X PRÓXIMA

**8
MARZO
2019**

**DÍA INTERNACIONAL
DAS MULLERES
A CORUÑA**

Con motivo da conmemoración do Día Internacional das Mulleres, e no marco da convocatoria de folga internacional feminista, laboral, de coidades e estudiantil prevista para o próximo día 8 de marzo, o Concello da Coruña convida a toda a cidadanía a estender esta mirada reflexiva e reivindicativa a todo o mes de marzo, por medio dunha programación de actividades atravesada por un enfoque transversal e interseccional.

Con esta nova convocatoria de “Mulleres que transforman realidades”, dende a Concellaría de Igualdade e Diversidade insistimos en sinalar de que maneira os dereitos das mulleres forman parte da historia incompleta dos dereitos humanos, tratando nesta ocasión de facernos eco dun movemento internacional de mulleres que, dentro e fóra das nosas fronteiras, berra que se as mulleres paran, para o MUNDO.

#8M

**1.
RECOÑECIMENTO
E MEMORIA**

EXPOSICIÓN A SAIA RAÍÑA



Datas: do 28 de febreiro ao 17 abril
Horario: Luns a venres 8:00 a 21:00,
sábados 9:00 a 14:00 y 16:00 a
21:00 h.
Lugar: Biblioteca Ágora
Público: poboación en xeral
Inscrición: entrada libre

Exposición de testemuños sobre o loito nas mulleres de Galicia co obxecto de dar voz ás mulleres que non foron escoitadas, mostrando así a desigualdade existente entre homes e mulleres, entre outras cousas, no dereito de manifestar os sentimentos.

ROTEIRO A MEMORIA DAS MULLERES



ROTEIRO POLO CEMITERIO MUNICIPAL SANTO AMARO

Datas: sábados 2, 9, 23 e 30 de marzo
Horario: 12:00 a 13:30 h.
Lugar: Cemiterio Municipal Santo Amaro
Público: poboación en xeral.
Máximo: 30 persoas
Inscrición: a través de medioambiente@
coruna.es ou chamando ao 010

“A memoria das mulleres”,
roteiro polo Cemiterio
Municipal Santo Amaro.

FALADOIRO OS DEREITOS HUMANOS, OS DEREITOS DAS MULLERES



(DESAÍOS NAS LOITAS FEMINISTAS DO SÉCULO XXI), CON MARCELA LAGARDE

Data: 14 de marzo
Horario: 19:00 h.
Lugar: Paraninfo da Universidade
da Coruña

Actividade accesible para
persoas con mobilidade
reducida e persoas xordas

*Actividade en colaboración
co CEXEF, Centro de Estudos
de Xénero e Feminismo da
Universidade da Coruña



ROTEIRO

AS GUERREIRAS DOS DEREITOS NA CIDADE DE CRISTAL



Datas: 16 de marzo
Horario: 11:00 a 13:30 h.
Público: Persoas xoves e adultas interesadas na historia da cidade e nas súas figuras invisibles
Máximo: 30 persoas
Punto de encontro:

Praza de Pontevedra (diante do IES Eusebio da Guarda). En caso de choiva poderáse modificar o punto de encontro, no entorno da Praza Pontevedra

Accesibilidade: roteiro accesible para persoas con mobilidade reducida e persoas xordas
Inscrición: en www.coruna.gal/igualdade

Por medio deste roteiro teatralizado e interpretado, relataremos a conexión das mulleres e da cidade coa loita polos dereitos humanos, os dereitos das mulleres, dende a loita por unha vida digna, á educación, ao traballo, á liberdade sexual das mulleres ata a relación entre o urbanismo e o feminismo.

Mesturando o pasado e o presente, camiñaremos dende a Praza de Pontevedra á Praza de María Pita, pasando polo Orzán, Panadeiras, etc.

MICROTEATRO

LA REVOLUCIÓN SERÁ FEMINISTA O NO SERÁ CON LAS AMAPOLAS



Data: 26 de marzo
Horario: 18:30 a 20:00 h.
Lugar: Centro Cívico Castrillón
Público: poboación adulta en xeral
Entrada: gratuíta ata completar aforo (máx. 100 persoas)

Accesibilidade: accesible para persoas con mobilidade reducida

Este breve monólogo de teatro cabaret amosa as peripecias que teñen feito as mulleres nicaraguenses nas súas formas de protesta, así como da importancia das súas aportacións no cambio político-social do país.

MOSTRA FOTOGRÁFICA DOCUMENTAL

RESISTENCIA NICARAGÜENSE CON ROSTRO DE MULLER



Data: do 25 ao 29 de marzo
Horario: apertura do centro cívico
Lugar: Centro Cívico Castrillón
Público: poboación en xeral

Mostra fotográfica que recompila imaxes tomadas por artistas que reflexan a actualidade da mobilización e acción feminista en Nicaragua.

OBRADOIRO DE MÁSCARAS FEMINISMO EN NICARAGUA HOXE



Data: 26 de marzo
Horario: 17:00-18:30 h.
Lugar: Centro Cívico Castrillón
Público: poboación adulta en xeral

Este obradoiro acompaña á exposición fotográfica "Resistencia nicaraguense con rostro de muller", recreando e contextualizando o símil do uso das máscaras de Moninbó.

#8M

2. SE NON PODO BAILAR, ACTUAR, CIRQUEAR, NON É A MIÑA REVOLUCIÓN

TEATRO LIBERTO



DE MARELAS TEATRO, CON
ROCÍO GONZÁLEZ, CRÍS
IGLESIAS E LUCÍA ALDAO

Data: 3 de marzo
Horario: 20:30 h.
Lugar: Teatro Colón
Entrada: na taquilla do Teatro e nos puntos
de venda habituais

Cando nace Liberto a vida de Ada frea en seco. Dende unha sala de espera vivirá a experiencia máis determinante da súa vida.

Liberto é un espectáculo que revisa os límites socialmente acordados. Un relato honesto de como xestionar a dor e de como seguir avanzando. Un proceso pegado ao primitivo, á conexión co noso animal, e por iso, contra todo pronóstico, cheo de vitalidade.

ANIMACIÓN DE RÚA ANIMACREQUES



Datas: 6 e 7 de marzo
Horario: 18:30-19:30 e de 20:00-21:00 h.
Lugar: Praza de Lugo, Cantións, Rúa Real,
Rego de Auga e María Pita
Público: poboación en xeral

Unha monicrequeira en zancos e o seu monicreque percorreren as rúas da cidade informándonos das actividades da programación e amosándonos as súas habilidades.

TEATRO ANATOMÍA DUNHA SÉREA

DE CHÉVERE, CON IRIA
PINHEIRO

Data: 7 de marzo
Horario: 20:30 h.
Lugar: Teatro Rosalía de Castro
Público: poboación en xeral
Entrada: a través de ticketea e nos puntos de
venta habituais



É esta una peza de teatro documental construída sobre a memoria e a experiencia persoal da actriz Iria Pinheiro como muller, como nai e como vítima da violencia obstétrica. Trátase dunha obra autobiográfica e con carácter testemuñal.

TEATRO ABANDÓNATE MUCHO

DE LAS XL

Data: 9 de marzo
Horario: 20:00 h. (duración 50 minutos)
Lugar: Fórum Metropolitano
Público: a partir dos 14 anos
Entrada: gratuíta ata completar aforo a
través de ticketea
Accesibilidade: accesible para persoas con
mobilidade reducida



Da man de Las XL gozaremos deste espectáculo músico-teatral que deconstrúe o mito do amor romántico, establecendo unha canle directa co público servíndose do humor, mostrando as trampas do mito amoroso

FESTIVAL MULLERES QUE TRANSFORMAN REALIDADES



Data: 9 de marzo
Horario: 20:00 a 01:30 h.
Lugar: Praza de María Pita

Coas actuacións de Brassica Rapa, Mounqup, Xiomara Fortuna, Marínah (Ojos de Brujo) e Pussy Riot.

O Festival contará cun Punto Violeta, espazo de sensibilización, prevención e asesoramento ante as violencias machistas.



GALA CIRQUEIRAS



GALA FEMININA DE CIRCO GALEGO

Data: 30 de marzo
Horario: 18:30 a 20:00 h.
Lugar: Centro Ágora
Público: poboación en xeral
Entrada: gratuíta ata completar aforo

Gala de circo en clave feminina con varios números do máis destacado do panorama do circo galego, con Sue Moreno, Raquel Veganzones, Pajarito, Ánxela Blanco e Vanessa Rivas. Teremos a oportunidade de ver acrobacias aéreas, malabares, maxia, clown en clave de humor.

#8M

3. CÓEDUCACIÓN

PUNTOS VIOLETA

Data: 11, 12, 13, 14 e 15 de marzo
Horario: de 10:00 a 13:00 e de 17:00 a 20:00 h.
Lugares: Praza de M^a Pita, Fórum Metropolitano, Ágora, Centros Cívicos Monte Alto e Castrillón
Público: toda a poboación en xeral



Os puntos violeta configúranse como espazos de sensibilización, información e promoción da igualdade, fomentando a educación na igualdade na diversidade, visibilizando o papel das mulleres na cidade e asesorando no relacionado coas violencias machistas.

No marco dos Puntos Violeta desenvolveranse diferentes Cafés Feministas, espazos nos que, da man de relatoras expertas na materia, dinamizaremos unha conversa e crearemos redes en torno aos seguintes temas:

- Centro Ágora, o 12 de marzo, ás 18:00 h., sobre a **folga feminista #8M**.
- Fórum Metropolitano, o 13 de marzo, ás 18:00 h. sobre **violencia obstétrica**.
- C.C. Monte Alto, o 14 de marzo, ás 18:00 h., sobre **masculinidades e corresponsabilidade**.
- CC. Castrillón, o 15 de marzo, ás 18:00 h., sobre **emprego e autoemprego feminista**.

FALADOIRO MULLERES MOI TECNOLOXICAS



Data: 13 de marzo
Horario: 19:00 h.
Lugar: Biblioteca Municipal Infantil e Xuvenil
Público: público en xeral
Entrada: libre e gratuita ata completar aforo

Coa presencial de Ana Belén Díaz Parapar, formadora de informática e robótica, ámbitos nos que ademais desenvolve tarefas de deseño de actividades e de docencia en materias relacionadas coa robótica: Beebot, Ozobots, Robobo, Arduino, etc a todos os niveis.


FALADOIRO INTERACTIVO ENREDÁMONOS? WHATSAPPS, MOCIDADE É CIBERVIOLENCIAS



CON IANIRE ESTÉBANEZ

Data: 20 de marzo
Horario: 12:00 a 13:30 h.
Lugar: salón de actos do Ágora mozas e mozos de 4^o da ESO e Bacharelato
Público: ata completar aforo
Máximo: ata completar aforo
Accesibilidade: accesible para persoas con mobilidade reducida

Charla participativa na que, da man da psicóloga e formadora Ianire Estébanez, abordaremos a realidade da ciberviolencia nas redes sociais, e como podemos acompañar a mozas e mozos na resolución colectiva destas formas de violencia machista



TEATRO ROEDORES



CÍA. TEATRO REDRUM

Data: 31 de marzo
Horario: 18:00 a 19:00 h.
Lugar: salón de actos do Centro Cívico dos Mallos
Público: nenas e nenos de entre 4 e 8 anos e acompañantes
Entrada: gratuita ata completar aforo (máx. 292 persoas)
Accesibilidade: accesible para persoas con mobilidade reducida

Roedores é unha fábula dramatizada que fomenta a igualdade, facendo fincapé na igualdade de xénero a través das peripecias das súas protagonistas. Trátase de conxugar diferentes conceptos e rachar cos esquemas e prexuízos preconcebidos, estimulando a creatividade das máis pequenas e potenciando a visión crítica das maiores.

#8M

4. #QUE- REMO- NOS VIVAS!

DEPORTE IX CARREIRA POPULAR TORRE DE HERCULES, QUEREMOÑOS VIVAS!



Data: 23 de marzo
Horario: 21:00 horas
Percorrido: Paseo dos Menhires – Agra de San Amaro – Paseo Marítimo – Ánimas – Paseo Marítimo – Adormideras – Paseo dos Menhires – Torre de Hércules

Normas de participación e inscrición
Normas de participación e bases de inscrición na web municipal

A carreira contará coa instalación de Garabato de Xogos, un espazo para familias e nenas e nenos maiores de 3 anos, con máis de 30 xogos construídos con material de refugallo en onde se poñerán a proba diversas capacidades para toda a familia. A partir das 16:00 e ata as 20:00 h.

DEPORTE ESCALADA EN FEMININO



COA AMI

Data: 10 de marzo
Horario: 11:00 a 13:00 h.
Lugar: Rocódromo de Riazor
Público: mulleres de todas as idades

Xornada de portas abertas para dar a coñecer ás veciñas da cidade o potencial que ten a escalada como deporte

**8M2019
A CORUÑA**

8M 2019 A CORUÑA

Más información en
www.coruna.gal/igualdade



CORUÑA
> PRÓXIMA

a coruña 
libre
de violencias machistas